



MOCIÓN AO PLENO

Xosé Ramón Riomao Rodríguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Outes, no seu nome e no do seu Grupo Municipal, ó abeiro do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986, de 28 de Novembro), presenta a seguinte moción

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

As novas vías de comunicación posibilitaron que se incrementase significativamente o número de usuarios da praia de Broña. Desprazamentos curtos, de 25 a 30 minutos, sen retencións de tráfico fan deste areal un dos preferidos para os veciños de Ames, Brión, Negreira ou Santiago. Con todo, son eles mesmos os que fan duras críticas en canto a circulación viaria no lugar, o estacionamento, colectores de lixo, sinalización, limpeza, etc.

O BNG de Outes xa manifestou no Pleno en varias ocasións a necesidade de mellorar a circulación do tráfico rodado na tempada estival, da necesidade de máis prazas de estacionamento, de aseos, de provela duns mínimos servizos básicos.

Dada a privilexiada situación xeográfica do noso concello deberíamos facer deste lugar un referente na comarca. Se queremos apostar decididamente polo turismo compre dotala dunha serie de infraestruturas para dar servizos no verán, pero tamén para que sexa visitada o longo de todo o ano. Polo tanto, o grupo municipal do BNG propón as seguintes actuacións:

- 1° Que se constrúan beirarrúas desde a rotonda ate o Requeixiño.
- 2° Que se faga unha ampliación da ponte do Requeixiño.
- 3° Que se dote dunha ampla zona de estacionamento sen menguar a zona verde.
- 4° Que se instalen uns aseos públicos.
- 5° Que se sinalen debidamente os areais Vitareira, Areas e Sesío e se proceda o desbroce dos contornos e se fagan os pertinentes accesos.
- 6° Que se proceda a limpeza da praia, das papeleras do paseo e os colectores de lixo en horarios que non afecten ó seu disfrute.
- 7° Que se dote dunha área con pistas polideportivas.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Que se adopten as medidas oportunas para subsanar as anteditas deficiencias e se dote a partida presupostaria para acometer as obras sinaladas.

En Outes a 18 de xullo de 2011

Asdo.: Xosé Ramón Riomao
Voceiro do G.M. do BNG

AO PLENO DO CONCELLO DE OUTES